

Xoves, 6 de marzo de 2025

Núm. 45

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTECESURES****Persoal, oposicións***CONVOCATORIA DE BOLSA DE TRABALLO PARA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
(SAF)**ANUNCIO DA CONVOCATORIA DE BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
(SAF LIBRE CONCORRENCIA) DO CONCELLO DE PONTECESURES*

A Alcaldía ditou Resolución núm.: 2025-0217, con data de 27.02.20254, pola que aproban, a convocatoria e as bases que rexerán a bolsa de traballo de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, mediante sistema de concurso.

As persoas que desexen participar nestes procesos selectivos deberán presentar unha instancia cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica (pontecesures.sedelectronica.gal) ou páxina web do concello (www.pontecesures.org) e será dirixida á Alcaldía, con independencia de que se admitirá calquera outro modelo no que consten os datos da persoa solicitante, DNI, domicilio, teléfono/s de contacto e correo electrónico, e achegar a documentación esixida segundo a convocatoria.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de instancias para participar na bolsa de traballo de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR será de 10 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases publicaranse integramente na sede electrónica, no taboleiro electrónico do Concello de Pontecesures (pontecesures.sedelectronica.gal), e na páxina web (www.pontecesures.org).

